

Masa Crítica

A Masa Crítica é unha "coincidencia organizada" de ciclistas que realizan un paseo colectivo pola cidade. Este evento celébrase mensualmente en máis de 350 cidades de todo o mundo, baixo o lema "Pedaléa todos os días, celébralo unha vez ao mes"

Comezou en San Francisco (EE.UU) no ano 1992 a partir dunha xuntanza da SF Bike Coalition, Chris Carlsson propuxo que posto que había moita xente pedaleando polo centro e que as condicións para facelo eran realmente malas, por qué non quedar unha vez ao mes, facer nos visíbeis entre nos mesmos e ao resto da cidade e voltar a casa todos/as xuntos/as?. A idea aceptouse rapidamente e na primeira "quedada" xuntáronse 60 e tras un ano eran máis de 600.

O nome de "Masa Crítica" vengo do documental "Return of the scorcher" de Ted White, onde se describían as normas de cruce nas interseccións nas grandes cidades chinesas definíanse como unha cuestión de masa crítica: O tráfico para cruzar ten que agardar até que acada unha masa crítica que lle permite meterse e frear o fluxo principal de tráfico que vese na orixa de parar até alcanzar a súa vez a masa crítica suficiente para poder circular de novo.

En Galicia celébranse nas seguintes cidades:

- A Coruña. Todos os primeiros venres de cada mes ás 20:00 dende a Praza de María Pita. [Ver foro](#)
- Santiago de Compostela. Todos os últimos mércores de mes ás 20:30 dende a Praza Roxa. [Ver foro](#)
- Vigo. Todos os últimos venres de cada mes ás 20 horas dende a Praza de América. [Ver web](#)
- Ourense. Últimos xoves de mes ás 20:00 dende o Pavillón dos Remedios. [Ver blog](#)
- Pontearreas. Todos os últimos venres de mes ás 20:00 na Praza da igrexa. [Ver blog](#) / [Ver foro](#)
- Ferrol. Os últimos xoves de mes ás 20:15 na Praza do Inferniño [Ver foro](#)
- Pontevedra. Último xoves de mes ás 21:00 na Praza da Peregrina. [Ver blog](#)